

## FOULES SENTIMENTALES

### DA ÉXTASE AO ARREBATO.

### 50 ANOS DO OUTRO CINE ESPAÑOL

### BILL MORRISON

### CINE E CIENCIA

### FÓRA DE SERIE

### OFF GALICIA

### CGAI JÚNIOR

## XUNTA DE GALICIA

## DA ÉXTASE AO ARREBATO. 50 ANOS DO OUTRO CINE ESPAÑOL:

Programa de Xcèntric, o cine do CCCB, producido por:

Centre de Cultura Contemporània de Barcelona 

Acción Cultural Española  

coa colaboración de ICIC / Filmoteca de Catalunya

 **Filmoteca**

Comisariado polo cineasta, programador e especialista en cine experimental Antoni Pinent -contamos coa súa presenza para presentar o ciclo-, ofrecemos un amplo recorrido polas obras de referencia que conforman a pouco coñecida historia do cine experimental no noso país. O ciclo consiste nunha retrospectiva do cine experimental español desde finais dos anos 50 (figuras como José Val del Omar, Joaquim Puigvert ou o galego Eugenio Granell) ate a produción actual das novas xeracións (Oriol Sánchez, David Domingo ou Laida Lertunx-di), pasando pola obra de Carles Santos, Javier Aguirre, Eugeni Bonet, José Antonio Sistiaga ou Iván Zulueta. 44 pezas, distintos formatos e seis sesións organizadas de xeito transversal e non necesariamente cronolóxico, as diferentes sesións fomentan un diálogo entre as obras clásicas e as máis recentes. Como complemento enriquecedor ofrecemos un documental que nos achega a historia (mundial) do cine experimental, *Free radicals: A History of Experimental Cinema* do experto Pip Chodorov (Nova Iorque, 1965), incluído nas estreas de "Fóra de serie", e *Fragmentos para una historia del otro cine español* de Andrés Hispano (con guión de Pinent).

**Sesión 1. DOCUMENTOS / ITINERARIOS.** *Fuego en Castilla* (José Val del Omar, 1958-59), *De purificatione automobilis* (Gabriel Blanco, 1974), *Miserere* (Antoni Miralda e Benet Rossell, 1979), *Souvenir* (Silvia Gracia e José Luis Guerin, 1985) e *Lo que tú dices que soy* (Virginia García del Pino, 2007).

**Sesión 2. APROPIACIÓNS / GRAN SÚPER 8.** *For / Against* (Eugènia Balcells, 1983), *Minnesota 1943* (Toni Serra, 1995), *Alice in Hollywoodland* (Jesús Pérez-Miranda, 2006), *Súper 8* (David Domingo, 1997), *Blood-film* (Marcel Pey, 1975), *Roulette Wheel* (Luis Cerveró, 2005), *Signaturas (síntesis)* (Juan Bufill, 2008), *I Love you Because* (Lope Serrano Sol, 2007), *22aroba* (Maximiliano Viale, 2008), *Photomatons* (Eugeni Bonet, 1976), *A escala de hombre* (David Reznak, 1991), *Copy Scream* (Oriol Sánchez, 2005) e *Brutal Ardour* (Manuel Huerga, 1979).

**Sesión 3. EXPERIMENTOS ANIMADOS. RITMO, LUZ E COR.** *Forma, color y ritmo* (Josep Mestres, 1956), *Ballet burlón* (Fermí Marimón, 1959), *Exp. I/II* (Joaquim Puigvert, 1958-59), *Pregunta por mí* (Begoña Vicario, 1996), *Pintura 63* (Toni Sirera, 1963), *Hezurbeltzak, una fosa común* (Izabene Oñederra, 2007), *Ritmes cromàtics* (Jordi Artigas, 1978), *Spain loves you* (Isabel Herguera, 1988), *Espectro siete* (Javier Aguirre, 1970), *Lluvia* (Eugenio Granell, 1961), *La 72.024 mil.èssima part d'un any* (Marcel Pié Barba, 2008), *Danse Noire* (Frederic Amat, 2006) e *Monos* (Juan Pablo Etcheverry, 1997).

**Sesión 4. PINTURA-MOVEMENTO.** ...ere erera baleibu izik subua aruaren (José Antonio Sistiaga, 1968-70).

**Sesión 5. INDAGACIÓNS / METACINE.** *Blanc Dérangé* (Blanca Casas Brullet, 2008), *Límites (1ª persona)* (Elías León Siminiani, 2009), *Travelling* (Lluís Rivera, 1972), *Teoría de los cuerpos* (Isaki Lacuesta, 2004), *Figura* (Gonzalo de Pedro, 2007), *In girum imus nocte et consumimur igni* (Jorge Cosmen, 2003), *BiBiCi Story* (Carles Durán, 1969), *Farce Sensationnelle!* (Laida Lertxundi, 2004), *In crescendo* (Joan Marimón e Jesús Ramos, 2001), *Ice Cream* (Antoni Padrós, 1970) e *LA RE MILA...* (Carles Santos, 1979).

**Sesión 6. ARREBATADO.** *Arrebato* (Iván Zulueta, 1979).

Agradecimentos: Antoni Pinent, Andrés Hispano, Gloria Vilches, La Chula, Alicia Reginato, Sacrebleu Productions (Francia), Estelle Ampe.

## FOULES SENTIMENTALES:

En colaboración con: Alianza Francesa da Coruña.

Ciclo composto por nove títulos de produción francesa recentes que presentan distintas historias que contribúen a envolver (*arrebatar*) ao espectador nunha voráxine de sentimentos, seguindo toda unha tradición e mesmo conglomerado de tendencias históricas do cine francés. Expresado de moi distintos xeitos, xunto a títulos de mestres vellos coñecidos (Klotz, Techné, Claire Denis, Desplechin), integramos algúns atractivos filmes contemporáneos sen moita circulación comercial entre nós.

## BILL MORRISON:

En colaboración con: IV Mostra de Ciencia e Cinema, La Casa Encendida, Festival Punto de Vista, CCCB

Pertencente á cuantiosa produción moderna asociada ao *found footage*, elaborada por medio de descartes, fotogramas queimados e devorados polo tempo, en marzo deste ano, en pleno 20 aniversario do CGAI, proxectamos unha peza emblemática de Bill Morrison (Chicago, 1965), o clásico moderno *Decasia* (2002), fermoso canto á creación artística, unha sinfonía intelixente que moldea os tempos da Historia do cine amosando a sapiencia do cine experimental. É precisamente esta sinerxia de cine experimental e emprego de recursos de non ficción, en particular o apropiacionismo de metraxe allea –resultado dunha colaxe de imaxes de diversa procedencia, moitas procuradas en museos e filmotecas-, xunto á aguda construción musical, a singularidade deste creador. Aproveitando a súa presenza en España elaboramos dúas sesións con pezas súas, a longametraxe de recompilación *Spark of being* (2010), regreso ao *Frankenstein* de Mary Shelley, e un programa de curtametraxes, formado polos traballos *Light is Calling* (2004), *The Mesmerist* (2003), *Who by Water* (207), *Outerborough* (2005) e *Release* (2010). Ambas sesións contarán coa presentación do propio Morrison, unha oportunidade única para seguir revisitando os nomes e prácticas máis estimulantes dentro do cine experimental contemporáneo.

Agradecimentos: Bill Morrison.

## CINE E CIENCIA:

En colaboración con: IV Mostra de Ciencia e Cinema.

Prosegue o traballo conxunto entre CGAI e Mostra de Ciencia e Cinema. De novo unha semana de programación versátil onde os nexos entre cine e ciencia amosan a súa complexidade e amplitude. Indagacións documentais que alcanzan a mestura de contemplación do cosmos e exploración na memoria dos desaparecidos dunha ditadura, a chilena -*Nostalgia de la luz*, anexionada á obra do seu autor, Patricio Guzmán, responsable da célebre *La batalla de Chile*-, ou aproximacións á vida dun orangután -*Nénette*, do magnífico Nicolas Philibert-, homenaxes a autores iconoclastas senlleiros, que van do percorrido pola paisaxe ao documento antropológico invadido por elementos de ciencia-ficción (Deborah Stratman, Ben Rivers), a revitalización dunha etnografía da memoria (a portuguesa *Encontros*) ou, *last but not least*, xeniais pezas didácticas a cargo de pioneiros da animación (os irmáns Max e Dave Fleischer) que nos achegan aos mundos de Einstein e Darwin.

Juan Herbera, analista do mercado cinematográfico, avalado pola súa experiencia nos sectores da distribución e exhibición, hoxe asesor de empresas, docente na ESCAC e autor do excelente blog (extinto por decisión propia hai uns días) *Desde la taquilla*, impartirá a conferencia "Está en crise o mercado cinematográfico en España?". Herbera disecciona a evolución da asistencia ás salas de cine desde os anos 80 do século pasado, un estudo exploratorio estruturado a partir de parámetros básicos (pantallas, espectadores, recadación, prezo medio e índices de asistencia) que ilustra o funcionamento, potencial e incidencias do parque de salas cinematográfico español.

Agradecimentos: Juan Herbera, Deborah Stratman, Murray Glass, Ben Rivers, Lux (Gran Bretaña), Gil Leung, Les Films du Losange (Francia), Thomas Petit, Adrian Jestin, Pierre-Marie Goulet, Associação Viver a Ciência, Joana Barros, Sílvio Mendes, Patricio Guzmán, Adriana Guzmán.

## FÓRA DE SERIE:

*Pa Negre* (2010), o melodrama de Agustí Villaronga ambientado na posguerra rural catalá da Guerra Civil española e gran triunfador nos últimos premios Goya, ofrécese grazas a un acordo entre a Academia Galega do Audiovisual, institución colaboradora neste pase, e a Acadèmia del Cinema Català, consentindo o visionado do filme na súa versión orixinal catalá. O centenario de Álvaro Cunqueiro rescata traballos inspirados na súa obra ou con intervención súa, fortalecendo a homenaxe tributada durante todo este ano. O número especial que a revista especializada "Secuencias" dedica ao cine no espazo da arte, coordinado por Antonio Weinrichter, devén pertinente na súa revisión dunha das artistas expresión desa flutuación entre museos e festivais de cine, Shirin Neshat, autora do melodrama de mulleres no Irán do golpe de estado de 1953 *Women without men*, León de Prata en Venecia 2009. Por último, un dos títulos máis loucados dos últimos meses, *Carlos*, biografía filmada do combatente venezolano pola causa palestina Ilich Ramírez Sánchez, alias Carlos, un proxecto nacido para a televisión como (exitosa) miniserie, concentrado logo nunca versión depurada como longametraxe cinematográfica co aval do seu prestixioso director, o francés Olivier Assayas, ao que hai anos o CGAI lle fixo unha retrospectiva e do que seguimos completando a filmografía.


Agradecimentos: Acadèmia del Cinema Català, Academia Galega do Audiovisual, Daniel Sánchez Salas, Alberto Ruiz de Samaniego, Antonio Weinrichter, revista *Secuencias*.

## OFF GALICIA:

A variedade da produción galega constatase a través das sesións destes dous meses: puntais da animación (Peque Varela, Alberto Vázquez); a volta ao talento e ritmo de traballo in crescendo do especialista en cine experimental Alberte Pagán; a veta intimista de Borja Mucientes, con xogos en torno aos diferentes modos de relato do amor e a soidade (en diálogo coa curta de Sergio Pena *Amor ansioso*); a análise das pisadas da memoria histórica por parte do documentalista Jorge Gil e a celebración do Día Mundial da Arquitectura (3 de outubro) en colaboración co Colexio de Arquitectos co pase de *Unha viaxe por...1929-2009*, retorno aos lugares de filmación d'*Un viaje por Galicia* (1929) de Luis R. Alonso –a restauración deste filme documental representou a estrea do CGAI hai 20 anos- a cargo do arquitecto Pablo Gallego Picard.

Unha orixinal iniciativa, o Festival Freakemacine 2.0, aparece aderezado na súa posta en esca de boas doses de espectáculo, cunha singular escenografía e sketches cómicos, Neste ámbito preséntanse as curtas *El ataque de los robots de Nebulosa-5* (Chema García Ibarra, 2008), *Jack* (Krishan Randel, 2009), *Brutal Relax* (Adrián Cardona, David Muñoz e Rafa Dendrú, 2010), *Les bessones del carrer de Ponent* (Marc Riba e Anna Solanas, 2010), *Dolorosa* (Christoph Debaq, 2009), *Jugando con la muerte* (Paul Urquijo, 2010), *Por gloria divina* (Rodrigo Atiénzar, 2010) e *La terrible malédiction* (Stephane Papet, 2009).

Agradecimentos: Alberto Vázquez, Peque Varela, María Núñez, Xurxo García, Juanillo Esteban, Rogelio Fernández, Nacho Rouco, Asociación Cultural Manicómicos, Alberte Pagán, Pablo Gallego Picard, Marta Trasancos, COAG (delegación A Coruña), Borja Mucientes, Sergio Pena, Jorge Gil.



**MARTES**

setembro  
**20** 18.00 e 20.45 horas  
*Foules Sentimentales*  
**Les toits de Paris**  
Hiner Saleem, 2006.  
98'. Subt. Castelán.

setembro  
**27** 18.00 e 20.45 horas  
*Foules Sentimentales*  
**Le roi de l'évasion**  
Alain Guiraudie, 2009.  
97'. Subt. Castelán.

outubro  
**04** 18.00 e 20.45 horas  
*Foules Sentimentales*  
**Villa Amalia**  
Benoit Jacquot, 2010. 94'.  
Subt. Castelán.

outubro  
**11** 20.00 horas  
*Fóra de serie*  
**Carlos**  
Olivier Assayas, 2010. 168'.  
Subt. Castelán.



outubro  
**18** 18.00 horas  
*Da Éxtase ao Arrebato*  
**Fragments para una historia del otro cine español**  
Andrés Hispano, 2010. 58'.  
Vídeo.  
20.45 horas  
*Da Éxtase ao Arrebato: Experimentos Animados Programa curtametraxes (1956-2008)*  
63'. Cine / Vídeo.

outubro  
**25** 18.00 horas  
*Cine e Ciencia*  
**Programa curtametraxes Deborah Stratman (1995-2010)**  
80'. Cine / Vídeo. Subt. Galego. Entrada gratuita.

20.45 horas  
*Cine e Ciencia*  
**Nénette**  
Nicolas Philibert, 2010.  
70'. Subt. Galego. Entrada gratuita.

**MÉRCORES**

setembro  
**21** 18.00 e 21.00 h.  
*Foules Sentimentales*  
**Un cuento de Navidad**  
Arnaud Desplechin, 2008.  
150'. Subt. Castelán.

setembro  
**28** 18.00 horas  
*Foules Sentimentales*  
**La cuestión humana**  
Nicolas Klotz, 2007. 141'.  
Subt. Castelán.

20.45 horas  
*Foules Sentimentales*  
**L'autre**  
Patrick-Mario Bernard e Pierre Trividic, 2009.  
97'. Subt. Castelán.

outubro  
**05** 20.00 horas  
*Bill Morrison*  
**Spark of Being (2010)**  
68'. Vídeo. Presentación e coloquio co seu autor. Entrada gratuita.

outubro  
**19** 18.00 horas  
*Fóra de serie*  
**Free Radicals: A History of Experimental Cinema**  
Pip Chodorov, 2010. 80'.  
Vídeo. Subt. Galego.  
20.45 horas  
*Da Éxtase ao Arrebato: Pintura-Movemento ...ere erera baleibu izik subua aruaren*  
José Antonio Sistiaga, 1968-1970. 75'.

outubro  
**26** 18.00 horas  
*Cine e Ciencia*  
**Conferencia Juan Herbera.**  
"Está en crise o mercado cinematográfico español?"  
Entrada gratuita.

20.45 horas  
*Cine e Ciencia*  
**Ben Rivers Origin of the species (Ben Rivers, 2008)**  
**Slow action (Ben Rivers, 2010)**  
61'. Subt. Galego. Entrada gratuita.

**XOVES**

setembro  
**15** 18.00 e 20.45 horas  
*Fóra de serie*  
**Pa Negre**  
Agustí Villaronga, 2010.  
109'. Subt. Castelán.

setembro  
**22** 18.00 e 20.45 horas  
*Foules Sentimentales*  
**La fille du RER**  
André Techiné, 2008.  
105'. Subt. Castelán.

setembro  
**29** 18.00 horas  
*Foules Sentimentales*  
**L'autre**  
Patrick-Mario Bernard e Pierre Trividic, 2009.  
97'. Subt. Castelán.

20.45 horas  
*Fóra de serie:*  
**Centenario Álvaro Cunqueiro Galicia (Claudio Guerin Hill, 1966)**  
**Os outros feirantes: O vérdugo**  
(Antón Dobao, 1989)  
60'. Cine / Vídeo. Presentación. Entrada gratuita.

outubro  
**06** 20.00 horas  
*Bill Morrison*  
**Programa curtametraxes (2003-2010)**  
68'. Vídeo. Presentación de Bill Morrison. Entrada gratuita.

outubro  
**13** 18.00 horas  
*Da Éxtase ao Arrebato*  
**Fragments para una historia del otro cine español**  
Andrés Hispano, 2010. 58'.  
Vídeo. Presentación por Antoni Pinent. Entrada gratuita.

20.45 horas  
*Da Éxtase ao Arrebato: Documentos /Itinerarios Programa curtametraxes (1958-2007).*  
78'. Cine / Vídeo. Presentación do ciclo a cargo de Antoni Pinent. Entrada gratuita.

outubro  
**20** 18.00 horas  
*Fóra de serie*  
**Free Radicals: A History of Experimental Cinema**  
Pip Chodorov, 2010. 80'.  
Vídeo. Subt. Galego.

20.45 horas  
*Da Éxtase ao Arrebato: Indagacións /Metacine Programa curtametraxes (1969-2009).*  
77'. Vídeo / Cine.

outubro  
**27** 18.00 horas  
*Cine e Ciencia*  
**Encontros**  
Pierre-Marie Goulet, 2006.  
105'. Vídeo. Subt. Castelán.  
Entrada gratuita.

20.45 horas  
*Cine e Ciencia*  
**Nostalgia de la luz**  
Patricio Guzmán, 2010. 93'.  
Vídeo.  
Entrada gratuita.

**VENRES**

setembro  
**16** 18.00 e 20.45 horas  
*Foules Sentimentales*  
**Tourné**  
Mathieu Amalric, 2010.  
107'. Subt. Castelán.

setembro  
**23** 18.00 e 20.45 horas  
*Foules Sentimentales*  
**Una mujer en Africa**  
Claire Denis, 2010.  
101'. Subt. Castelán.


setembro  
**30** 20.00 horas  
*Fóra de serie: O cine no espazo da arte*  
**Women without men**  
Shirin Neshat, 2009. 96'.  
Subt. Castelán. Presentación revista *Secuencias* coa presenza de Daniel Sánchez Salas e Alberto Ruiz de Samaniego. Entrada gratuita.



outubro  
**14** 18.00 horas  
*CGAI Júnior*  
**Elogio de la escuela**  
Escola de Bordils, 2010. 53'.  
Vídeo. Subt. Castelán. Presentación a cargo de Nuria Aidelman e Laia Colell. Entrada gratuita.

20.45 horas  
*Da Éxtase ao Arrebato: Apropiacións / Gran Súper 8 Programa curtametraxes (1975-2008)*  
73'. Vídeo.

outubro  
**21** 18.00 e 20.45 horas  
*Da Éxtase ao Arrebato: Arrebatado*  
**Arrebato**  
Iván Zulueta, 1979. 106'.



outubro  
**28** 18.00 horas  
*Cine e Ciencia*  
**Nostalgia de la luz**  
Patricio Guzmán, 2010. 93'.  
Vídeo.  
Entrada gratuita.

20.45 horas  
*Cine e Ciencia*  
**The Einstein's Theory of Relativity (Max e Dave Fleischer, 1923)**  
**Darwin's Theory of Evolution (Max e Dave Fleischer, 1923)**  
80'. Narración en vivo. Entrada gratuita.

**SÁBADO**

setembro  
**17** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Birdboy (Alberto Vázquez e Pedro Rivero, 2010)**  
**Gato encerrado (Peque Varela, 2010)**  
24'. Vídeo. Presentación coa presenza de Alberto Vázquez. Entrada gratuita.

setembro  
**24** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Festival Freakemacine 2.0**  
117'. Vídeo. Presentación a cargo dos organizadores. Entrada gratuita.

outubro  
**01** 18.00 horas  
*Off Galicia: Alberte Pagán*  
**Asahra Hurratun! (1999-2009)**  
**Puilha 17 Janeiro 2010 15:33 horas (2010)**  
**Eclipse (2009-2010)**  
83'. Vídeo. Presentación polo seu autor. Entrada gratuita.

outubro  
**08** 18.00 horas  
*Off Galicia: Semana Mundial da Arquitectura*  
**Unha viaxe por... 1929-2009**  
Pablo Gallego, 2010. 60'.  
Vídeo. Presentación coa presenza do director. Entrada gratuita.

outubro  
**15** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Bosque**  
(Borja Mucientes, 2011)  
**Amor ansioso (Sergio Pena, 2010)**  
53'. Vídeo. Presentación a cargo dos seus autores. Entrada gratuita.


outubro  
**22** 18.00 horas  
*CGAI Júnior*  
**Nicky, la aprendiz de bruja**  
Hayao Miyazaki, 1989. 104'.  
Versión castelá. Entrada gratuita.

outubro  
**29** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Ferrol 1936**  
Jorge Gil, 2011. 60'.  
Vídeo. Presentación coa presenza do seu autor. Entrada gratuita.

**CGAI**  CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE  
FILMOTECA DE GALICIA

Programación | 213 |  
**set. out. | 2011 |**

**Información xeral**

Todas as películas proxéctanse en versión orixinal, agás indicación contraria.  
A duración das películas é orientativa e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade.  
Unha vez iniciada a sesión non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.  
As sesións de Aforamento Limitado teñen reservadas un número indeterminado de butacas.  
As sesións sinaladas con  sofren modificacións sobre os horarios habituais.

**Prezo da entrada**

- Xeral: 1'20 €
- Carné Xove: 0'60 €
- Aboamento para 10 sesións: 9 €
- As sesións de Entrada Gratuita notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezar a sesión (non se venden entradas por anticipado).  
Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

**Sala de proxeccións**

CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña  
Tel.: 881 881 270  
Fax: 881 881 271  
E-mail: programacion@cgai.org  
documentacion@cgai.org  
**Subtitulado en galego**  
Subtitula'm S.L.

**Información adicional sobre ciclos e películas**  
[www.cgai.org](http://www.cgai.org)

 XUNTA DE GALICIA